



XUNTA DE GALICIA

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA DE LUGO.
SERVIZO DE EMPREGO E ECONOMÍA SOCIAL

Anuncio

CONVENIOS COLECTIVOS

Visto o texto do acordo de revisión salarial para o ano 2018 do Convenio Colectivo da empresa CECHALVA, S.L. (Código 27000830012000), asinado o día 3 de decembro de 2018 pola representación da empresa e polo representante dos traballadores, como membros da comisión negociadora e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo ACORDO:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición do citado acordo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 18 de decembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

CONSELLO GALEGO DE RELACIÓNS LABORAIS

ACTA DE ACORDO

En Lugo, sendo as 10 horas do día 03 de decembro de 2018, reúnenos nos locais de Comisións Obreiras (CC.OO.) sitos nos locais da Rolda da Muralla, 58-4º andar, 27003, Lugo, as persoas que se citan a continuación:

Pola representación dos traballadores:

-D. Guillermo Fernández González- CC.OO.

Pola representación da empresa:

-D. Manuel Santiso González

Chégase ós seguintes acordos:

Primeiro.- Actualizar as táboas salariais para o ano 2018 cun incremento do 1,1% do IPC do ano 2017 mais o 0,30% según o artigo 13 do vixente convenio colectivo da empresa CECHALVA S.L.

Segundo.- Remitir as Actas xunto coas Táboas Salariais do ano 2018 ó Consello Galego de Relacións Laborais para a súa revisión e posterior publicación no Boletín Oficial.

Terceiro.- Chégase ó acordo de que presente a documentación no Consello Galego de Relacións Laborais Manuel Santiso González, na súa calidade de representante da empresa Cechalva S.L. ou Guillermo Fernández González, en calidade de Representante dos Traballadores.

Sen mais que tratar, levántase a sesión.

Asinado: D. Guillermo Fernández González, D.N.I. 33.541,354-V, Representante dos traballadores (CC.OO)

Asinado: D. Manuel Santiso González, D.N.I. 33.311.246-R, Representante da empresa

ANEXO I: TABOAS SALARIAIS DO ANO 2018 DA EMPRESA CECHALVA S.L. LUGO

CATEGORIAS	SALARIO BRUTO MENUSAL	SALARIO BASE	PLUS ASISTENCIA	PLUS TRANSPORTE	PAGA BENEF	SALARIO ANUAL
ENCARGADO/A	1316,77	1099,81	59,82	157,14	789,31	19224,09
CONDUCTOR/A	1297,17	942,97	89,79	264,41	789,31	18949,69
RECEPCIONISTA DEPÓSITO	1002,77	785,81	59,82	157,14	789,31	14828,09
FESTIVOS	63,04					

Lugo, 03 de decembro de 2018.- Guillermo Fernández González, D.N.I. 33.541,354-V, Representante dos traballadores (CC.OO) e Manuel Santiso González, D.N.I. 33.311.246-R, Representante da empresa.

R. 0006

CONCELLOS**LUGO***Anuncio***DECRETO NÚMERO 18010905 DO 27/12/2018**

Ilmo. Sr. Don XOSE DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tte. de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Visto que polo Decreto número 17007052, de 3 de agosto de 2017, se resolveu convocar o proceso selectivo mediante o sistema de concurso-oposición, para o acceso en propiedade a **unha praza de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola**, pertencente ó cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, quenda de promoción interna, o cal foi publicado no “Boletín Oficial da Provincia de Lugo”, núm. 189, de 18 de agosto de 2017.

Dito Decreto foi rectificando polo Decreto n.º 17007901, de 12 de setembro de 2017, publicado no «Boletín Oficial de la Provincia de Lugo» número 221, de 25 de setembro de 2017.

De igual xeito foi publicado extracto de dita convocatoria no “Diario Oficial de Galicia” núm. 230, de 4 de decembro de 2017 e anuncio no “Boletín Oficial do Estado” núm 9, de 10 de xaneiro de 2018.

Vista a acta do Tribunal cualificador, de data 12 de decembro de 2018, relativa á resolución do mencionado proceso selectivo, na que acorda proponer o acceso en propiedade da praza de Enxeñeiro Técnico Agrícola, Grupo de Titulación A, Subgrupo A2, Escala Administración Especial, Subescala Técnica, Clase Técnico Medio, pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, a don Marcos López Fernández, que obtivo unha puntuación total no referido proceso selectivo de 18,74 puntos.

Esta Concellería, en virtude das atribucións conferidas á Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local e tendo en conta o Decreto número 16005312, ditado o 5-07-2016, modificado polo Decreto número 18003431 do 26-04-2018, **RESOLVE:**

Primeiro.- Facer pública a relación do aspirante aprobado así como a puntuación obtida no referido procedemento selectivo, de conformidade coa base décimo oitava das Bases Xerais para o acceso en propiedade a prazas pertencentes ó cadro de persoal de funcionarios e de persoal laboral do Excmo. Concello de Lugo en quenda de promoción interna, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o día 2 de xuño de 2010 e modificadas polo citado o 22 de decembro de 2010 e 15 de outubro de 2014 (BOP de Lugo do 7.11.2014):

1 PRAZA DE ENXEÑEIRO/A TÉCNICO/A AGRÍCOLA

D. MARCOS LÓPEZ FERNÁNDEZ (18,74 Puntos)

Segundo.- O opositor aprobado, de conformidade coa base décimo novena das Bases Xerais referidas, deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello ou na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (coa excepción establecida na súa disposición final sétima), os seguintes documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- Declaración xurada de non estar separado do servizo das administracións públicas e non estar incurso en ningún punto das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado que acredite non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal exercicio da función.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (no caso de ter estado de alta).

Quen tivese xa a condición de funcionario público estará exento de xustificar as condicións e os requisitos acreditados para obter o seu anterior nomeamento, e deberá presentar soamente unha certificación que acredite a súa condición de funcionario e demais circunstancias que constan no seu expediente persoal e a xustificación dos requisitos específicos esixidos para o acceso.

Os/as aspirantes aprobados que, dentro do prazo indicado, agás casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida ou dela se deducise que carecen dos requisitos esixidos nas correspondentes convocatorias, non poderán ser nomeados, e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia.

Terceiro.- Procédase a súa publicación na forma legalmente establecida, facéndose constar que o presente acto pon fin á vía administrativa e que contra o mesmo podense interpoñer os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo DUN MES, contado dende o día seguinte á publicación desta resolución.

- Recurso contencioso administrativo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo (artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa), segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo cuarta da Lei Orgánica 19/2003 de 23 de decembro, de modificación da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial.

R. 0093

Anuncio

COBRANZA

Faise saber que ó abeiro da Ordenanza Fiscal Xeral o enderezo fiscal de cada contribuínte é único perante o Concello de Lugo e coincidirá co de empadramento, salvo notificación expresa ó Concello doutro diferente. Ó citado enderezo fiscal remitiránse todos os recibos do contribuínte.

Asimesmo faise saber ós contribuíntes e interesados de que a partir do vindeiro 21 de xaneiro e ata o 20 de marzo do ano 2019, ambos inclusive, pónse o cobro, en prazo voluntario, o padrón de subministración de auga e IVA s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon da auga correspondente ó cuarto trimestre de 2018

Para o cobramento do mesmo, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, éstos seránlles cargados nas contas bancarias respectivas o día 05 de febreiro de 2019

Para o resto dos contribuíntes, os documentos de cobro seránlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca, Caixabank, BBVA e Banco Sabadell. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais, sitas na Ronda da Muralla Nº197-planta baixa (Negociado de Augas), para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Advírtese que, transcorrido o prazo voluntario de ingreso sen efectua-lo pagamento das débedas, poderase realizar o mesmo incrementado cun 5% de recargo executivo ata o día 22 de abril de 2019, utilizando o mesmo recibo, en calquera das oficinas de Abanca, Caixa-bank, BBVA e Banco Sabadell; todo isto sen prexuízo de que se poida iniciar o procedemento de constrinximento, co recargo, xuros e custas que se poideran producir

A falta de pago no periodo voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria

Lugo, 10 de xaneiro de 2019.- A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto.

R. 0094

MEIRA*Anuncio***EXPEDIENTE DE INVESTIGACIÓN DE CAMIÑO PÚBLICO DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local deste concello, de data 14 de xaneiro de 2019 o inicio do expediente de investigación do camiño público que dá acceso á vivenda sita no número 2 do lugar de Seixosmil, Meira (Lugo), a efectos de determinar a titularidade correcta do mesmo, e acordo co disposto no artigo 49 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, procédese á publicación do anuncio do acordo no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Dende o día da data da devandita publicación, expoñerase, así mesmo un exemplar do anuncio do boletín no taboleiro de anuncios do concello de Meira, durante o prazo de quince días, ao obxecto de que as persoas afectadas polo expediente poidan alegar canto estimen convinte ao seu dereito, acompañando todos os documentos en que funden as súas alegacións, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao que deba darse por terminada a exposición pública no taboleiro de anuncios.

Meira, 15 de xaneiro de 2019.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez

R. 0144

*Anuncio***APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2019.**

O orzamento xeral do Concello de Meira para o exercicio 2018 foi aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 17 de decembro do 2018 e publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 290, do día 20 de decembro do 2018.

Exposto ao público durante o prazo de quince días hábiles, non se presentaron reclamacións contra o mesmo, polo que de conformidade co artigo 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, considérase definitivamente aprobado o orzamento xeral desta Entidade para o ano 2018, as bases para a súa execución e o cadro de persoal.

Segundo o disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, procédese á publicación do Orzamento resumido por capítulos e do cadro de persoal.

ORZAMENTO DO CONCELLO DE MEIRA PARA O EXERCICIO 2019**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA****Orzamento de Ingresos**

1	IMPOSTOS DIRECTOS	700.000,00
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	25.000,00
3	TAXAS E PREZOS PUBLICOS	390.200,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	669.000,00
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	19.000,00
6	ENAXENACIÓN INVERSIÓNS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	338.000,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS		2.141.200,00

Orzamento de Gastos

1	GASTOS DE PERSOAL	683.769,12
2	GASTOS EN BENS E SERVIZOS	849.117,32
3	GASTOS FINANCEIROS	3.357,28
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	42.100,00
6	INVERSIÓNS REAIS	501.600,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	61.256,28
TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS		2.141.200,00

EXERCICIO 2019

CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da praza	Grupo Subgrupo	Nº de prazas	Nivel	Situación
1. HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL:				
1.1 Secretaria-Interventora	A1/A2	1	26	Ocupada
2. ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL:				
2.1. Subescala Administrativa				
Administrativo de Administración Xeral	C1	1	22	Ocupada
2.2. Subescala Auxiliar				
Auxiliar Administrativo	C2	1	18	Vacante

B) PERSOAL LABORAL FIXO

Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Situación
SERVIZOS XERAIS			
Operario de servizos múltiples	1	Fixo	Ocupada
Traballadora Social	1	Fixo	Ocupada
Encargada da Biblioteca Municipal	1	Fixo	Ocupada
Limpadora de Dependencias municipais	1	Fixo	Ocupada

C) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación da praza	Nº de postos	Carácter	Situación
SERVIZOS XERAIS			
OMIX	1	Temporal	Ocupada a tempo completo
Limpeza de Dependencias municipais	3	Temporal	Ocupadas a tempo completo
Operarios de Servizos Múltiples	3	Temporal	2 Ocupadas a tempo completo e 1 vacante
Persoal mantemento da EDAR	1	Temporal	Ocupada a tempo completo
Peóns de servizos xerais (DEPUEMPREGO)	2	Temporal	Laboral temporal (12 meses)
Peóns condutores (Extinción de incendios)	3	Temporal	Laboral temporal (3 meses)

PROMOCION TURISTICA				
Oficina de Turismo	1	Temporal		Ocupada a tempo completo
EDUCACIÓN e DEPORTES				
Músicos	6	Temporal		Ocupadas a tempo parcial
Socorrista	1	Temporal		Laboral temporal (2 meses)
Total funcionarios de carreira.....	3			
Total persoal laboral fixo.....	4			
Total persoal laboral temporal.....	21			
Total postos de traballo 2018.....	28			

Meira, 15 de xaneiro do 2019.- O Alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0145

MURAS

Anuncio

DON MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Visto o informe da Traballadora Social do Concello, M^a Inmaculada Rodríguez Villaveirán, no que detalla a relación de persoas usuarias do servizo, prezo hora/porcentaxe prezo hora e o número de horas que foron atendidas no mes de Decembro de 2018.

Elaborados os padróns mensuais que conteñen as liquidacións da taxa pola prestación do servizo do SAF básica e SAF dependencia no mes de Decembro de 2018, en base aos datos facilitados pola Traballadora Social do concello.

Tendo en conta o establecido no artigo 21.1. f) da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, que atribúe a esta Alcaldía o desenvolvemento da xestión económica de acordo co orzamento aprobado.

RESOLVO

PRIMEIRO- Aprobar o padrón mensual da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de Decembro de 2018. O padrón correspondente ao mes de Decembro consta de 52 contribuíntes (13 de libre concorrencia e 39 de dependencia) e un importe total de 4.941,14 € (3.615,50 € persoas usuarias de dependencia e 1.325,64 € persoas usuarias de libre concorrencia).

SEGUNDO- Expoñer ao público os padróns aprobados, mediante a publicación de edicto no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, por un período de 15 días dende a publicación. Esta exposición servirá como notificación colectiva a todos os contribuíntes nos termos do artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TERCEIRO- O prazo de cobro en período voluntario será de 2 meses dende a publicación do edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a exixir os xuros de mora e os recargos dacordo cos artigos 26 a 28 da Lei 58/2003.

CUARTO- Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor recurso preceptivo de reposición ante o Sr. Alcalde, como establece o artigo 108 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local e regulado no artigo 14.2 do R.D. lexislativo 2/2004 polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais, no prazo dun mes dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. Contra a desestimación do recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de 2 meses dende o día seguinte á notificación da resolución.

QUINTO- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Muras, 4 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Manuel Requeijo Arnejo , do que eu, Don Froilán Pallín Seco, como Secretario, dou fe. (Asinado aos efectos do artigo 2 do RD 1174/1987).

R. 0095

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía do 19 de decembro de 2018, aprobáronse as bases para a creación dunha bolsa de emprego destinada á contratación de auxiliares de axuda a domicilio para procesos de interinidade.

Ábrese un novo prazo para presentación de solicitudes, de cinco días hábiles, a contar desde a publicación do anuncio no B.O. da Provincia.

As Bases están expostas no taboleiro de edictos do concello e na páxina web www.negueira.es

As solicitudes deberán presentarse no Rexistro do Concello de Negueira de Muñiz.

Negueira de Muñiz, 10 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0096

A PONTENOVA

Anuncio

Polo Sr. Alcalde – Presidente do Concello da Pontenova (Lugo) ditouse a Resolución número 2019-0004 de 11/01/2019, que literalmente se transcribe; dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

“DON DARIO CAMPOS CONDE, ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DA PONTENOVA (LUGO)

Vista a necesidade de ausentarme do Concello por motivo dunha viaxe en representación da Deputación Provincial de Lugo dende o 14 ata o 21 de xaneiro de 2019, ambos inclusive; e de conformidade co disposto nos artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro. Delegar as funcións de Alcalde da Pontenova dende o 14 ata o 21 de xaneiro de 2019, ambos inclusive, no 2º Tenente de Alcalde Don Francisco Martínez Bermúdez. A publicación regulamentaria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo non obsta á efectividade do que se acorda.

Segundo. Dar conta da presente resolución ó Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Decreta, manda e asina, no seu despacho oficial do concello da Pontenova, o señor alcalde don Darío Campos Conde, o día once de xaneiro de dous mil dezanove, do que como secretario – interventor accidental, certifico.

O alcalde, Darío Campos Conde, ante min, O secretario – interventor accidental, Simón Castro Gavín

A Pontenova, 11 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 0097

SAMOS

Anuncio

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de 18.10.2018 o padrón municipal da Taxa por subministro de auga e canon da auga a Samos e parroquias limitrofes, correspondente ao 3º trimestre de 2017, expónse ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O. P., rematado éste sen presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado.

O cobro do mesmo realizarase mediante cargo na conta bancaria respectiva, para aqueles que o teñan domiciliado, e mediante ingreso dos contribuintes na conta do Concello no Banco Pastor, noutro caso.

Fixase como periodo de cobro en voluntaria o prazo de dous meses dende o día seguinte a finalización da exposición desta publicación no BOP.

A falta de pagamento en periodo voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública do padrón. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderán interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debidas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 8 de xaneiro de 2019.- O ALCALDE, Julio Gallego Moure.

R. 0098

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL. O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

Expediente: A/27/23205

De acordo con lo previsto en el artículo 116 del Reglamento del Dominio Público Hidráulico aprobado por Real decreto 849/1986 de 11 de abril (B.O.E. del día 30), se hace público, para general conocimiento, que por resolución de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., de fecha 12 de diciembre de 2018 y como resultado del expediente incoado al efecto, le ha sido otorgada a José Antonio, María del Carmen, Pilar, Jesús, Gerardo, Santiago y María Purificación Tourón Rodríguez, la oportuna concesión para aprovechamiento de 0,087 l/s de agua procedente del río Sarria, denominado Muíño Vello por el peticionario, en el lugar de Meizarán, parroquia de Lamas do Biduedo (Santo Isidro), término municipal de Triacastela (Lugo) para riego de 0,55 has.

Lugo, 9 de enero de 2019.- LA JEFA DEL SERVICIO, TERRITORIALEN FUNCIONES, Isabel del Río López.

R. 0099

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

Anuncio

D/Dª MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

HAGO SABER: Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/Dª MARIA CARMEN RAMUDO VIÑA contra ANGEL CARLOS ROCA NUÑEZ, PAN DE MURAS SL , ISABEL MASEDA REGO , FOGASA , en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 0000757 /2018 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, **notificar** a ANGEL CARLOS ROCA NUÑEZ la parte dispositiva del decreto dictado en fecha 8 de enero último del tenor literal siguiente:

“Acuerdo aprobar la avenencia alcanzada entre las partes en el día de la fecha y archivar las actuaciones.”

Y para que sirva de notificación a **ANGEL CARLOS ROCA NUÑEZ**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a nueve de enero de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0100

COMUNIDADE DE USUARIOS DE AUGAS LAMA DE FERRÓN

Anuncio

Convócase Asemblea Xeral da Comunidade de Usuarios de Augas “Lama de Ferrón” , que terá lugar o día 27 de xaneiro de 2019, no local social de Bolmente (Sober), ás 16:30 en primeira convocatoria e ás 17:00 en segunda, coa seguinte orde do día:

- Informe de obras realizadas no ano 2018

- Aprobación das contas do ano 2018
- Actualización do censo de comuneiros
- Gastos para o ano 2019
- Rogos e preguntas.

Bolmente, 8 de xaneiro de 2019.- O Presidente, José Manuel Pérez Pérez.

R. 0101
